



Bloque Nacionalista Galego de Cabanas

cabanas@bng.gal

cabanas.bng.gal

Iago Varela Martínez, voceiro municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte

PREGUNTA ESCRITA PARA A SÚA RESPONSTA NO PLENO

O pasado luns 21 de marzo tivo lugar en Ferrol unha xuntanza con representantes dos concellos polos que pasa o eixo ferroviario Ferrol – A Coruña, co obxectivo de facer unha fronte común e demandar melloras no servizo.

A esta reunión de traballo acudiron representantes de todos os concellos afectados agás Cabanas.

Ante esta situación, desde o BNG desexamos ter resposta ás seguintes cuestións.

- Por que non acudiu o alcalde a dita xuntanza?
- Por que non enviou a ninguén no seu lugar?
- Significa a súa ausencia que o alcalde e o goberno municipal están conformes coa situación do servizo ferroviario da liña Ferrol – A Coruña?
- Ten constancia o alcalde dos acordos de dita xuntanza? Ten previsto suscribilos?
- Que pon diante o alcalde, os intereses do seu partido ou os de Cabanas e a súa veciñanza?

En Cabanas, a 28 de marzo de 2017

Asdo. Iago Varela Martínez
Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANAS